

# QUEDADAS NO MUSEO

Resume das xuntanzas no Museo de Historia Natural da SGHN en Ferrol e adianto da seguinte do 1 de marzo



Febreiro 2024 — nº 3




Resume da actividade  
(16/02/2024)

Nesta terceira xornada de “*Quedadas no Museo*” (QnM), na que contamos cunha maior presenza de público tanto socio como non, tivemos a sorte de escoitar ao compañeiro da SGHN Ferrol Paco Girón, quen nos falou dalgunhas pequenas aves insectívoras que fomos documentando a través de fotos tomadas nestes últimos anos no xardín do Museo de Historia Natural. Na súa interesante exposición, Paco contou algunhas anécdotas persoais con respecto a estas aves, así como experimentos feitos para estudar os seus comportamentos (por exemplo co paporrubio), e outros participantes tamén compartiron algunhas das súas experiencias e observacións que resultaron igualmente cativadoras.

Despois, Pablo Torrella falou dunhas observacións de aves que fixo nos últimos días na cidade de Ferrol, tal foi o caso dun enorme grupo de xilgaros que andaban a papar moreas de avelaiñas en hora punta na Avda. de Esteiro, ou a dun corvo pequeno que viu comendo larvas de bicudo vermello nunha palmeira afectada no barrio de Canido.

Pablo compartiu un vídeo e unha foto das observacións, e falou da presenza do bicudo en Ferrol, circulando entre o público exemplares en diferentes fases metamórficas. Participou o socio Javier López Blanco, que ao ser un profesional nos traballos en altura para o mantemento de xardíns no concello de Ferrol, puido aportar algunhas das súas observacións moi oportunas e interesantes.



Macho e femia de bicudo vermello  
*Rhynchophorus ferrugineus* (Olivier, 1790)

Foto: Pablo Torrella (2023)



*Pablo Torrella expoñendo a súa observación sobre o corvo pequeno depredando bicudos*

Seguidamente, o socio Manuel Arzúa amosou os resultados da mostraxe co noso audiomoth colocado por espazo de 3 noites nunha árbore no xardín do museo co fin de detectar o paso de aves, e vimos como traballa co software Kaleidoscope empregado para analizar os datos obtidos.

Logo da súa comunicación, comentamos ao público a aprobación por parte do Green Campus da UDC do proxecto presentado dende o MHNF para o estudo e seguemento dos escaravellos que habitan as árbores vellas do xardín do Campus de Esteiro, a facer en colaboración co voluntariado do Green Campus no seu Marzo Ambiental. Podedes ver uns exemplos da importancia das árbores vellas urbanas nesta publicación da páxina da ONU-Hábitat.

Falamos tamén das últimas doas recibidas no MHNF, onde cómpre salientar a aportación por parte da Concellería de Medio Ambiente do Concello de Ferrol, que entregou arredor de 800 macetas procedentes das plantacións de flores nos diferentes xardíns da cidade. Estas irán destinadas aos carballos cos que estamos a agasallar ao público visitante do museo.

Sabedes cantos carballos levamos agasallados a estas alturas no museo? Pois máis de 750 exemplares!

Lembrade que estes proceden das landras do carballo do xardín e están a disposición do público que desexe levar para plantar.

Sobre o fungo parasito dos carballos, ver esta ligazón coa publicación da Universidade de Vigo ao respecto.



*Carballiños agardando na recepción do Museo*

Tamén houbo momento de comentar o libro escollido ao chou na “Biblioteca da Natureza”. Nesta ocasión foi a 3ª edición da obra:

FERNÁNDEZ-RUBIO, F.; FERNÁNDEZ-CAPARRÓS, L.M. & SORIANO HERNANDO, O. 2014. *Artrópodos en medicina y veterinaria (3ª edición)*. Ministerio de Defensa. 644 pp.

Este libro está accesible para descarga completa na seguinte [ligazón](#) (92 Mb).



Portada do libro

Aproveitamos a ocasión para lembrar ao público asistente que ao ser esta actividade de carácter participativo, este pode tamén propoñer e falar de libros e temas que considere, solicitar ao MHNH que falemos dalgún tema actual e de certo interese, etc.

Finalmente, a socia Julia Ocampo falou da compostaxe que están a facer dende o Green Campus onde ela colabora como alumna voluntaria da Universidade Senior, e do experimento piloto do Concello de Ferrol no barrio de Canido, no que están a deixar os colectores marróns para a recollida de materia orgánica. Julia fixo entrega do tríptico no que se explica o proceso.



## Do que falaremos na vindeira QnM (01/03/2024)

- **Joam Luis “Cesio” Ferreiro.**- Os plásticos na costa.
- O MHNH na exposición temporal dos Museos de Ferrolterra inaugurada o 22/02/2024 no Museo Naval.
- Ao chou na “Biblioteca da Natureza”.– LÓPEZ SEOANE, V. 1866. *Reseña de la Historia Natural de Galicia*. Imprenta de Soto Freire. Lugo. 66 pp.
- Outros asuntos: 9 de marzo, *Día do Naturalismo Galego*; unha actividade ornitolóxica no Ceida; alumnado da USC en prácticas no MHNH; Alejandro López, alumno do IES Concepción Arenal de Ferrol, gañador da XV Olimpiada de Xeoloxía;...



As QnM son actividades gratuítas e abertas a todo tipo de público con este tipo de inquiredanzas: persoas vencelladas ao sistema educativo, persoas que polo xeral visitan o museo con carácter libre, público do tipo familiar, xuvenil e infantil...

## VÉN E PARTICIPA!



PATROCINA  
**FERROL**